

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 8 de xullo de 2011

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
Dª Mª Jesús Lago Rey
Dª. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. José Manuel Fernández Pérez

NON ASISTEN:

Dª. Mª Isaura Abelairas Rodríguez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e vinte minutos do día oito de xullo de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(814).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(815).- NOMEAMENTO DO TITULAR DA ASESORÍA XURÍDICA DO CONCELLO.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, do 8.07.11, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear a Dª Margarita Parajó Calvo, con DNI 36123798-K, como Titular da Asesoría Xurídica Municipal, nos termos do disposto nos artigos 129 e 130 da Lei 7/1985, do 2

de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dispoñendo a declaración da situación administrativa de servizos especiais polo órgano municipal competente, nos termos do previsto na lexislación vixente.

Segundo.- Outorgar a D^a Margarita Parajó Calvo un prazo de 10 días hábiles dende a notificación do presente acordo para formalizar a aceptación escrita da titularidade do órgano directivo para o cal foi nomeada, sinalándolle que deberá formalizar a preceptiva declaración de intereses na Secretaría Xeral.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo á persoa nomeada, Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, Xefatura das Áreas, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Negociado de nóminas e Presidente.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.